

## CIENCIAS NATURAIS

### Materiais PLAN

- Libro dixital EVA-Edixgal.
- Aula virtual Edixgal.
- Google Workspace.
- Outros materiais de traballo e reforzo impresos e informáticos.

### Plan de traballo

Os contidos están repartidos en seis unidades didácticas e tarefas integradas. Trabállanse a partir de textos de distinto tipo. O mestre explicará os contidos a traballar de maneira oral, con vídeos, diapositivas ou material fotocopiado. Trala explicación e comprensión dos contidos por parte do alumnado realizaranse as tarefas prácticas que o mestre considere oportunas.

As distintas tarefas que levarán a cabo os alumnos na aula serán de carácter individual, parellas ou pequenos grupos e poden ser realizadas de maneira oral, escrita ou dixitalmente.

As actividades e exercicios que non dea tempo a rematar na aula levaranse para casa, así como algún material de reforzo mediante fichas ou enlaces web.

CONTIDOS POR TRIMESTRES		
PRIMEIRO TRIMESTRE	SEGUNDO TRIMESTRE	TERCEIRO TRIMESTRE
<b>Cada unidade didáctica comeza cun texto introductorio</b>		
<b>OS ALIMENTOS</b> Nutrientes Tipos de alimentos Dietas equilibradas Etiquetado dos alimentos	<b>RELACIÓN E REPRODUCCIÓN</b> Órganos dos sentidos Sistema nervioso Aparato locomotor O ciclo de vida A función de reprodución Aparatos reprodutores masculino e feminino	<b>MATERIA E ENERXÍA</b> Cambios na materia Flotación Forzas Gases Mesturas Enerxía Luz e son
<b>NUTRICIÓN</b> A función de nutrición Dixestión Respiración Circulación Excreción	<b>A SAÚDE</b> Tipos de enfermidades Prevención e tratamento enfermidades Saúde e tecnoloxía	<b>ELECTRICIDADE E MAGNETISMO</b> Electricidade Circuitos eléctricos Magnetismo Electromagnetismo

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Son os establecidos polo centro e recollidos na aplicación PROENS onde se reflicte a Programación didáctica da materia.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación empregados serán diversos, coa finalidade de proporcionar a mellor información posible sobre os coñecementos acadados polo alumnado.

### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Escala de observación

Rexistro anecdótico persoal

Análise das producións do alumnado: monografías, resumos, traballos de aplicación e síntese, cadernos de clase, textos escritos...

Intercambios orais co alumnado: diálogo, entrevista, postas en común, asemblea...

Probas específicas: exames, abertas, exposición dun tema, resolución de exercicios...

Autoavaliación

Coavaliación



CEIP de TARRIÓ  
UCULLEREDO